

Actividades para
facer na

CASA



Estas actividades foron seleccionadas para que poidamos realizalas con materiais dos nosos fogares. Móstranse tarefas de todos os niveis para facer estes días, fomentar a *creatividade* e deixar voar a *imaxinación*.

CALENDARIO

Nestes días de estar na casa é moi importante que os nenos e nenas continúen coas rutinas que se fan diariamente no colexio. Por iso, móstrase un exemplo de calendario para que os pequenos e pequenas vaian cambiando os días, meses, a estación do ano e o tempo que fai cada día.



ACTIVIDADES MULTISENSORIAIS

1. **EXPERIMENTAR CON TEXTURAS DIFERENTES:** non hai nada que máis lles guste aos pequenos/as que experimentar con xelatina, fariña, area, arroz, cunchas... Transportalas, mesturalas con auga, pasala dun bol a outro, entre cucharas, tazas, etc.



2. **BOTES DE SONIDO:** en botes de plástico, metemos diferentes obxectos ou alimentos (legumes, pasta...), de diferentes tamaños. Xogamos a facer ritmos, adiviñar qué bote é...



3. **BOTELLAS SENSORIAIS:** buscamos obxectos pequenos como contas, cascabeis ou pompóns que poidan entrar na botella. Podemos engadir cintas de cores, purpurina ou colorante alimenticio. Engadimos auga e
¡ LISTO !



Incluso podemos facelas de temáticas concretas:



ACTIVIDADES PARA TRABALLAR A MOTRICIDADE

4. **COLLARES:** Podemos usar clips, pasta (que tamén poden pintar con témpera).



5. **PINTAR CON XEOS:** facer cubiños de xeo con colorante alimenticio. Poñémoslle un palillo ou pau de xeado. Esperamos a que se conxele e logo usámoslos para pintar en folios grosos ou cartolinas brancas.




6. **TÚNELES:** necesitamos tubos de papel pintados de cores e pompóns. Tamén poden ser bolas de papel pintadas. O obxectivo é tirar polo tubo a boliña da cor que corresponde



7. **PESCA DO TAPÓN:** nun recipiente con auga colocamos tapóns de diferentes cores e tamaños. O obxectivo é coller os tapóns, primeiro cunha cuchara e logo con paus de xeado (aumentando a dificultade), para logo votalos noutro recipiente máis pequeno.



8. **TEA DE ARAÑA:** facemos varios buracos nunha botella de plástico ou rolo de papel de cociña. Por eles, introduciremos pallas o palillos longos, intentando que vaian dun lado a outro do obxecto. Tamén o podemos facer cun escurridor.



ACTIVIDADES PARA TRABALLAR CON TESOIRAS

9. **CORTAMOS O "PELO" DOS BONECOS:**
precisamos rolos de papel hixiénico, folios para facer o pelo e tesoiras.




10. **CAMIÑOS PARA RECORTAR**




CONSTRUÇÕES, SERIES E LÓXICA



11. CON ROLOS DE PAPEL HIXIÉNICO



12. SERIES CON PINZAS



13. SERIES CON POMPÓNS OU BOLIÑAS DE PAPEL



14. LÓXICA CON PAUS DE XEADO OU PALILLOS



DISTINTAS FORMAS DE ESTAMPAR CON TÉMPERA

15. GLOBOS




16. FOLLAS



17. CORCHOS DE BOTELLAS



18. PÉS



19. MANS



20. BASTONCILLOS



ACTIVIDADES PARA TRABALLAR AS FORMAS E TAMAÑOS

21. FORMAS CON PLASTILINA



22. FORMAS CON PAUS DE XEADO



23. **PANEL DE FORMAS:** en folios facemos un círculo, un cadrado, un triángulo e un rectángulo de gran tamaño. Repetimos este paso pero coas figuras máis pequenas. Unha vez feito isto, xa podemos clasificar.



24. CLASIFICAR OBXECTOS DE CASA SEGUNDO O TAMAÑO



ACTIVIDADES PARA TRABALLAR AS CORES

25. CAIXA DE ZAPATOS E

PALLIÑAS: clasificar as palliñas segundo a súa cor.



27. CLASIFICAR OBXECTOS DE CASA

SEGUNDO A SÚA COR



26. CAIXA DE OVOS E POMPÓNS OU BOLIÑAS DE PAPEL PINTADAS:

clasificamos os pompóns ou boliñas segundo a súa cor.


28. ARROZ TEÑIDO:

nun recipiente con auga e colorante alimenticio, votamos un puñado de arroz. Removemos durante uns 10 minutos. Pasado este tempo, secamos o arroz en papel de cociña durante uns minutos ata que ao tocalo non manche. Experimentamos coa textura e as cores.



ACTIVIDADES PARA TRABAJAR OS NÚMEROS

29. **RECOÑECER OS NÚMEROS DO 1-10** (podémolo adaptar segundo as necesidades, ex: do 1 ao 3)



CON PINZAS



CON TAPÓNS DE LEITE

30. **ASOCIAR O NÚMERO Á CANTIDADE**



GUSANIÑOS CON TÉMPERA



CON VASOS DE PLÁSTICO E PALLIÑAS

ACTIVIDADES PARA TRABAJAR A LECTOESCRITURA

31. O ABECEDARIO



Escribimos as letras de abecedario nun cartón para que teñan que repasalas con rotulados, bastoncillos con témpera...

33. BÚSQUEDA DE LETRAS



32. O NOSO NOME



34. NOMES DE ANIMAIS

